



## **R dona tarxetas SIM de 20 gigas para escolares con poucos recursos do Concello de Ferrol**

- ***O operador galego apoia o programa do consistorio ferrolán para minorar a fenda dixital no municipio e garantir a igualdade de condicións escolares a todos/as os/as alumnos/as durante a pandemia da COVID-19.***
- ***R doará tarxetas de 20 gigas de datos para que o alumnado das familias menos favorecidas dispoña dunha boa conexión de aquí a finais do curso 2020-21.***
- ***Cunha finalidade semellante a semana pasada o operador galego realizou outra doazón de tarxetas de datos de 20 gigas ao Colexio de Farmacéuticos de Ourense en colaboración coa Cruz Vermella.***

**Martes, 15 de decembro de 2020.-** R non dubidou en unirse á causa solidaria do Concello de Ferrol, que está a promover a igualdade de todos/as os/as escolares do municipio facilitándolles aos que máis o precisan os recursos informáticos necesarios para desenvolver este curso tan atípico marcado pola pandemia.

R subministrará, durante os vindeiros meses lectivos, unha decena de tarxetas de 20 gigas de datos que complementan o esforzo do Concello ferrolán, fornecedor, á súa vez, das respectivas *tablets* e conexións a internet, dentro do programa “En rede na casa”, promovido pola área de Benestar Social do consistorio. O proxecto vai dirixido esencialmente a nenos e nenas en idade escolar que, por cuestións puntuais vencelladas coa COVID-19, coma confinamentos preventivos ou positivos asintomáticos, non poden acudir ao centro de ensino e non contan cos medios tecnolóxicos para seguir traballando na casa.

A concelleira de Benestar Social de Ferrol, Eva Martínez, explicou que con esta iniciativa se pretende *“garantir que ningún escolar ‘quede atrás’ por non dispor dos medios necesarios”*, e apostou pola *“igualdade de oportunidades como principio fundamental do ensino”*. A concelleira valorou tamén a *“xenerosidade de R, especialmente sensible nuns momentos duros como os que estamos a vivir”* e agradeceu o seu compromiso coa infancia, materializada nesta achega de tarxetas.

Trátase dun proxecto piloto orientado a pulsar a situación das familias máis desfavorecidas co propósito de atopar en cada caso o mellor mecanismo de axuda a estes/as escolares e reducindo ao máximo a fenda dixital no municipio.

Previa solicitude das propias familias ou directamente do centro pódese requirir esta achega tan necesaria nun momento en que o ensino por medios telemáticos estase a converter en alternativa real e imprescindible nos casos de cuarentena e/ou confinamento.

## **Máis gigas solidarios para escolares**

A acción social de R en Ferrol non é máis que un graniño de area para que, sobre todo as persoas máis necesitadas, poidan sobrelevar o mellor posible este momento tan difícil que estamos a vivir a nivel mundial. Cunha finalidade semellante o operador galego realizou a semana pasada outra doazón de tarxetas de datos de 20 gigas a través do Colexio de Farmacéuticos de Ourense (COFO) en colaboración coa Cruz Vermella a prol de alumnado pertencente a familias en risco de exclusión social.

Isidro Fernández de la Calle, director Corporativo Empresas de R, ratifícase arestora no que hai uns días dixera sobre a achega de R ao COFO: *“Cómpre que a educación siga sendo unha prioridade para todos nós; por iso a axuda de R, desta volta en Ferrol, é unha resposta natural pola nosa banda nestes momentos difíciles, que o son sobre todo para os/as que menos teñen (...) Con estes ‘gigas solidarios’ queremos garantir que todo o alumnado quede preparado para aprender en igualdade de condicións e que sexa quen de afrontar o que resta de curso co apoio dunha conexión de calidade”*.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)